



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 5 de marzo de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 5 de marzo de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26/02/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/898

Dáse conta do escrito do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, comunicando o inicio e prego de cargos do expediente sancionador por asfaltado de DPMT por parte do Concello, sen autorización en Praia de O Castelete, pola realización de traballo de asfaltado dunha superficie de 690 m² con asfaltado reciclado.

A Xunta de Goberno Local acorda formular as seguintes alegacións:

1º Os traballos que se levaron a cabo polo Servizo de Obras Municipal consistiron en estender áridos e zorra para mellorar a seguridade do entorno, debido ao seu mal estado e a existencia de numerosas fochancas.

2º De considerarse polo Servizo de Costas necesario, o Concello retirará o material estendido.

3º Por ultimo, que se proceda ao aquivo do expediente.

PRP2018/899

Dáse conta de calendario de clases de Educación Vial que se celebraron e se van a celebrar nos centros educativos da localidade durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/900



Dáse conta de escrito presentado por D. Luis Vila López, en nome de **Circo Holiday** solicitando autorización para colocación de 100 carteis publicitarios, do 2 ao 19 de marzo para anunciar a instalación do circo.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para colocar 100 carteis, debendo proceder á súa retirada unha vez realizado o espectáculo, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Dende o punto de vista do tráfico, debe terse en conta que a súa colocación non debe afectar á visibilidade nos cruces ou na circulación.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma (desprendementos, vos, etc).
- A publicidade está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/901

Visto o escrito presentado por **D. Luis Vila López**, solicitando autorización para instalación do CIRCO HOLIDAY, do 6 ao 19 de marzo de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a instalación do citado circo na Explanada traseira de Fexdega, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberase sinalizar o estacionamento prohibido nese emprazamento.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenrolo da actividade o solicitante responsabilizarase da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Previa a instalación deberá aportar a documentación que acredite a inspección das instalacións polo Ministerio de Industria e as Guías dos animais, caso de telos, e os requisitos que sexan de obrigación.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con taxa, polo que deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Dado que o domicilio fiscal é fora do municipio, a efectos de garantir a limpeza e os danos que se poidan producir no pavimento, fíxase unha fianza de 500,00€ para execución por parte do Concello, en caso de non cumprir as condicións que se fagan constar na autorización.
- Deberá presentar 48 horas antes da data de instalación ao responsable de Fexdega Ingreso do importe do prezo establecido para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), por valor de 119,00 € por cada día de actuación, xunto co xustificante bancario do depósito da fianza sinalada no presente acordo e o recibo en vigor da póliza de responsabilidade civil.
- As labores de montaxe e desmontaxe deberán realizarse entre as 8 e 22 horas.

PRP2018/902

Dáse conta do escrito de **Dona Marta García Lago (Agencia Klip)**. A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a utilización das instalacións de Fexdega para a realización do Salón Náutico Arousa (I Edición), do 12 ao 20 de marzo de 2018, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude



- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.
- Ingreso do importe do prezo establecido para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), por valor de 1.500 €.

Antes do inicio da montaxe

- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e debidamente rexistrado, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse a modificación/supresión deberá estar contemplada explicitamente no plan de autoprotección do evento.
- Presentación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. De ter que manipular alimentos/bebidas no recinto, deberá certificarse, ademais, o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración se realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. Os traballadores poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación.
- Presentación dunha póliza de seguro por unha cantidade mínima de 300.000 €, que cubra a responsabilidade civil do promotor polo feitos que puideran acontecer nas instalacións a disposición do evento.
- Presentación de certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social

Antes da inauguración do evento

- As estruturas de montaxe estarán certificadas por técnico competente, e visadas polo colexio profesional correspondente, que garante a súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Si dentro da montaxe das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Consideracións xerais

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, unha vez rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. No caso de necesitarse autorización administrativa para a instalación da publicidade, correrá por conta do promotor a xestión da mesma.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.



Dáse conta do escrito presentado por **D. Oscar Piñeiro Andujar**, titular do establecemento denominado "MIÚDO", solicitando autorización para a realización dun concerto ao aire libre en sesión vermú na Rúa Romero Ortíz, con motivo do 1º Aniversario do WEBZINE SONWALL, previsto para o día 31 de marzo de 2018, de 13:00 a 17:00 horas, así como a colaboración municipal coa cesión dun escenario e conexión de electricidade.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O escenario terá que cumprir as medidas que lle fixe o Concello, debido á estreitez da rúa.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta á Policía Local, Servizo Municipal de Obras e Servizo de Electricidade.

PRP2018/904

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, S.L.**, para o subministro de roupa de traballo para o persoal do Servizo, por un importe total de 1.938,86 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/905

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, S.L.**, para o subministro de roupa de traballo para 2 condutores-maquinistas, contratados da bolsa de traballo, por un importe total de 645,78 € (IVE incluído), con cargo á partida 953.22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/906

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para a reparación do camión matrícula 5479-GJC adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 3.085,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2018/907

Visto o escrito de D. José Artiaga Barreira e/n **Fundación Artiaga**, solicitando autorización para celebrar unha actividade multidisciplinar MercArt, os días 6, 7 e 8 de abril de 2018 na Praza da Peixería, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso da praza da peixería en precario condicionada pola execución das obras de pintura que se teñen previsto realizar.

Debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Así mesmo deberá cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

PRP2018/908

Dáse conta do escrito presentado por D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, solicitando autorización para instalar dúas carpas, catro mesas e catro cadeiras na confluencia das Rúas Alcalde Rey Daviña e A Baldosa, o día 10 de marzo, en horario de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización na Praza de Galicia, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

PRP2018/909

“Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa **Romarma, S.L.** por importe de 740,52 € con cargo á partida 132.22699 para a adquisición de 17 xogos de condecoracións conmemorativas para imposición por



cumprimento de anos acumulados no exercicio das funcións de Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/910

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Armería ACP Santos Cao**, para o subministro de “Cartuchería de dotación e tiro anual” por un importe total de 1.719,40 €, (IVE incluído) con cargo á partida 132.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/912

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Peycar Pontevedra, S.L.** para o subministro de vestiario para 10 auxiliares de Policía Local (20 pantalóns de faena, 20 polos manga curta bicolor, 10 chalecos reflectantes tráfico, 10 pares de zapatos, 10 gorras e 10 xerseis), por un importe total de 5.850,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/913

Dáse conta do escrito presentado por Dona María de la Luz Fernández Loureiro, como Presidenta da **Comunidade de Propietarios do Edificio denominado “Conde Vallellano 1”**, indicando que dado que se están realizando obras na Praza de Galicia, que se proceda a realizar as obras de saneamento na Avda. Conde Vallellano.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que nas obras da Praza de Galicia está incluído o cambio do saneamento.

Así mesmo o Concelleiro de Obras e Servizos porase en contacto coa Sra. Fernández Loureiro para comprobar os feitos que indica no escrito presentado.

PRP2018/915

Dáse conta do escrito presentado por Dona Verónica María Maneiro Casal, en representación da **ANPA do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro de Carril**, solicitando o peche dos sanitarios do centro, á maior brevidade posible, debido ao risco que supón na seguridade e saúde para os/as alumnos/as do colexio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

- Remitir o citado escrito, xunto co informe da Arquitecta Técnica Municipal á Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra, coa finalidade de que se adopten as medidas que procedan para garantir a seguridade e saúde dos/as alumnos/as do Colexio.
- Que pola Xefatura Provincial de Sanidade se continúe coas análises da auga.
- Que por Espina & Delfín, S.L. se intensifiquen as medidas de control do cloro da auga.



PRP2018/916

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Ana Pereira Varela**, solicitando a colocación dun espello na intersección da Rúa Mazadoira e Rúa Pedroso (PO-192), co fin de mellorar a visibilidade.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación do espello solicitado dado que melloraría a seguridade na incorporación de vehículos dende a Rúa Mazadoira á Rúa Pedroso.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez)

PRP2018/917

Dáse conta do escrito presentado por Dona Josefa Soñora Baleirón, en representación de **CP Almirante Fontán 1-3-5-7-9 (GESENCO)** solicitando a reposición dun espello para facilitar a incorporación de vehículos cara a Rúa Veiga do Mar.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que o espello xa está repostado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/918

Dáse conta do escrito remitido pola Valedora do Pobo en relación con queixa realizada por D. Daniel Mella Villar por incumprimento do Regulamento Xeral de Circulación e Lei de Seguridade Vial nas rotondas de Carril e Rúa Mariña.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que a presenza constante de Policía Local en calquera punto do municipio resulta imposible, habendo nas quendas de tarde como norma xeral cinco persoas (unha nas dependencias e dúas patrullas pola rúa), na quenda de noite somente unha patrulla na rúa e nas quendas de mañá o número vese incrementado con policías de informes (un ou dous).

Así mesmo indican que sen dúbida as situación de denuncia do Sr. Mella Villar constitúen infraccións, pero non existe a posibilidade de denunciar a totalidade das infraccións, con todo a lexislación contempla a denuncia voluntaria como fórmula á que pode acollerse calquera cidadán para denunciar infraccións concretas, adaptándose na súa presentación ao disposto no Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial (Art. 4 e 7).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que non se trata de inactividade da administración, senón de utilización dos medios existentes do xeito mas oportuno en atención ás directrices e á realidade das urxencias e o risco para os usuarios das vías e a necesaria fluidez do tráfico, e o Sr. Mella Villar, que ten o seu enderezo en Sobradelo, pode realizar denuncias voluntarias cando o estime procedente sobre infraccións en materia de tráfico nas rotondas de Carril, rúa Mariña ou calquera outro lugar do Municipio.

Remitir á Valedora do Pobo o informe da Policía Local xunto co presente acordo.

PRP2018/919

Vista a proposta do encargado do servizo de alumeadado público e mantemento para aprobar a renovación do contrato coa empresa **S.E. de Carbuos Metálicos SA** para aposta a disposición de envases e proba hidráulica que garante o cumprimento das normas de seguridade vixentes e o correcto mantemento para o 2018-2019 (do 01/04/2018 a 31/03/2019).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación do contrato por importe de 154,88 €(IVE incluído), con cargo á partida 165.213.



PRP2018/920

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Cuba Couzo, en representación de **Sindicato Nacional de CCOO Galicia**, solicitando autorización para instalar unha mesa para recollida de sinaturas o día 27 de febreiro de 2018, en horario de 11:00 a 13:00 horas, diante do INEM.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/921

Dáse conta do escrito remitido pola **Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Unidade de Estradas en Pontevedra**, en contestación á solicitude formulada por este Concello de limitación de velocidade a 30 km/h, nos seguintes puntos:

- N640 (antiga) dende o PK 235,100 (cruce de Santa Plácida)
- N640 (nova) dende a segunda glorieta despois da saída, no PK 234,800 (distribución Hospital, Rubiáns-Aldea e Rubiáns-estrada antiga)

No citado escrito contestan que consideran que a velocidade actual a 50 km/h é a adecuada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/922

Dáse conta do escrito presentado por **D. Emilio Ventura Lois** solicitando autorización pra instalar unha roda de cabaliños na Praza da II República os días 22 de marzo ao 1 de abril, coincidindo coa celebración da Semana Santa.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, comunicando ao Sr. Ventura Lois que poderá propoñer outra situación, por exemplo a Explanada TIR, se o considera oportuno.

PRP2018/923

Dáse conta do escrito presentado por CD Fincas SC, achegando petición de D. Oscar Rey Muñiz, como Presidente de **CP Rodrigo de Mendoza 60-62-64 Garaxes**, para que se proceda ao pintado da zona amarela da estrada e a beirarrúa, que prohíbe estacionar no acceso ao garaxe, xa que se atopa desgastada.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vados permanentes ós adxudicatarios da licenza.

PRP2018/985

Vista a proposta do Responsable de Protocolo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o orzamento estimativo para a celebración do “LIV Concurso Exposición Internacional da Camelia”, que se vai celebrar os días 10 e 11 de marzo, por un importe de 26.051,83 €, coa seguinte desagregación:

PROVEDOR	DESCRICIÓN	IMPORTE	FUNCIÓN	ECCA
TROQUIÑA S.L.	CÉSPEDE	1587	334	22699
TROQUIÑA S.L.	TEA SACO	432	334	22699
TROQUIÑA S.L.	CAMELIAS	2234	334	22699
MADERAS J. REDONDO	MADEIRAS EXPOSICIÓN	600	334	22699
INDUSTRIAS SAN JOSE	PIN PREMIO CAMELIA OURO E	3070,98	334	22601



	ODRIOZOLA			
FUNDICIONES REY S.L.	PREMIOS ESCULTURAS CAMELIA	2643,85	334	22601
	PREMIOS FOTOGRAFÍA	500	334	48100
	PREMIOS ESCAPARATES	1000	334	48100
VARELA CAEIRO, BERTA	ALMORZO EXPOSITORES	631	334	22601
	COMIDAS MEMBROS XURADO	500	334	22601
VILLARONGA SALGUEIRAL, MIRIAM	LÁMINAS OBSEQUIO	2640	334	22601
	ENTRADAS PAZO RUBIÁNS	800	432	22612
	BONOS VISITA PAZO RUBIÁNS	968	432	22612
FRANCO QUINTANS, FCO. JAVIER	DESFILE CERTAME CAMELIA	5445	334	22609
MENDEZ SANTOS, S.L.	ACTUACIÓN EN DESFILE	1452	334	22609
EMPRESA PEREIRA, S.L.	TRASLADO EXPOSITORES E VISITANTES PAZO RUBIANS	247,5	334	223
CLECE, S.A.	LIMPEZA PEIXERÍA	126,53	334	22700
	VARIOS	500	334	22699
DISCOTRADE SPAIN, S.L.	LONAS	208,12	926	22602
DISCOTRADE SPAIN, S.L.	BANDEROLAS	465,85	926	22602
		26051,83		

Segundo: Aprobar a provisión de fondos a favor da Concelleira Dona Luz M^a Abalo Pérez, por un importe total de 3.131,00 €, coa seguinte desagregación:

- Comida membros Xurado: 500,00 €.
- Katering expositores: 631,00 €
- Varios: 500,00 €
- Premios Fotografía: 500,00 €
- Premios Escaparates: 1.000,00 €

PRP2018/986

Dáse conta do escrito remitido por María Torrado González, Directora de Oficina de Atención comercial de Vilagarcía de Arousa de **ADESLAS**, solicitando autorización para realizar unha visita aos departamentos do Concello e así poder informar das coberturas, prezos e premios de fidelidade a/aos asegurados/as do colectivo do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización, sempre que non interfira no normal funcionamento dos Servizos.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/945

Dáse conta do Plan de Obras e Servizos 2018-2019 (Plan Concellos) da Deputación de Pontevedra, publicado no BOP nº 2, de 3 de xaneiro de 2018.

Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención para o proxecto que a seguir se relaciona (Liña 2):

- Proxecto "Contigo, en Familia), cun orzamento total de 14.40,00 € (IVE incluído):
 - Contía solicitada: 13.000,00 €
 - Aportación Municipal: 1.410,00 €.



Emprego

PRP2018/946

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e de conformidade co informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, no que se indica que por parte da beneficiaria da subvención, **Dona Francisca del Valle Oubiña**, se incumpre a obriga fundamental de realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos, e no suposto de baixa con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ao Concello ata o último día do mes posterior a dita baixa.

A Xunta de Goberno Local acorda que pola Sra. Valle Oubiña se realice o reintegro da cantidade percibida en concepto de axuda, en proporción ao tempo permanecido no exercicio da actividade, que no presente caso ascende a 101,37 €, máis xuros de demora dende o momento do seu pagamento, coa seguinte desagregación:

Data alta IAE	09/02/2016
Data baixa no IAE	31/12/2017
Tempo obrigatorio de permanencia na actividade. Base 3ª. Punto 3.2	2 anos (730 días)
Tempo de permanencia efectiva no exercicio da actividade	693 días
Cantidade percibida en concepto de axuda	2.000,00 €
Cantidade a reintegrar	101,37 € (mais xuros)
Xuros	5,32 €

Comunicáselle que dito reintegro deberá facerse efectivo no prazo de 15 días (contados a partir da recepción da notificación do acordo) mediante ingreso efectivo ou transferencia na conta bancaria ES88 2088 0522 9031 10000019, indicando como concepto a referencia do presente expediente, con apercibimento de que de non facer o ingreso no citado prazo procederá o inicio de expediente de reintegro de subvención, de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (Exp. 2016-0818-12)

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

PRP2018/947

Dáse conta da comunicación da Rede CEMIT da proposta de realización da actividade "PRESENTACIÓN DA PLATAFORMA E-SAÚDE", que será transmitida por videoconferencia na aula CEMIT do Concello de Vilagarcía de Arousa o próximo 19 de marzo, en horario de 11:30 a 13:30 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Sanidade

PRP2018/949

Dáse conta da solicitude de **D. José Luis Tuñez de la Torre**, de renovación de permiso municipal de condutor ó seu favor, para conduci-lo vehículo adscrito á licenza de Taxi nº 28. Visto o informe técnico e a documentación presentada, acórdase acceder ó solicitado.

Comunicase que a vixencia deste permiso municipal de condutor se atopa supeditada a que o titular presente no Concello alta na seguridade social ou recibo de autónomos correspondente ao derradeiro mes.



ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/960

Vista a proposta da Concellerías de Xuventude e Servizos Sociais , a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar as bases e o orzamento para a realización dos campamentos urbanos de verán 2018 dirixidos a 100 rapaces e rapazas nados entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2014, por un importe total de 19.729,70€ (IVE incluído) da empresa Servizos Integrals de Formación, S.C. en concepto de desenvolvemento e execución do servizo básico, con cargo á partida 2314.22624.

Segundo: O importe prezo estimado por participante: 197,29€

Terceiro: Aprobar os seguintes prezos públicos por participante:

- Dous meses: 180,00 €
- Un mes: 90,00 €.
- Unha quincena: 45,00 €

Descontos: Segundo as circunstancias da unidade familiar, aplicaranse as reducións e descontos que figuran no anexo IV das bases.

Normalización Lingüística

PRP2018/961

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2018 (BOP nº35 do 19 de febreiro de 2018), polo que se regula a concesión de subvención ás entidades locais da Provincia de Pontevedra, ano 2018.

Vista a proposta da Concelleira de Cultura e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para:

- Mantemento do Servizo de Normalización Lingüística.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/959

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Francisco Padín Silva (MADECO)** para o subministro de desbrozadora Husqvarna 545RX, para a súa reposición no Servizo de Medio Ambiente, por un importe total de 800,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/962

Vista a solicitude de D. Francisco Castro Veloso, en representación de **Editorial Galaxia SA**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 14 de maio, en horario de 9:00 a 15:00 horas, para a celebración



dunha serie de conversas entre Ciencia e Literatura, arredor do libro “Os Nenos da Variola”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Comunicaselle que será responsabilidade do solicitante o control do aforo á sala autorizada (754 butacas).

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/963

Vista a solicitude de D. Xoán Mariño Rubio, en representación da **AA.VV. Vilaxoán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase aprobar o gasto correspondente á actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, durante a celebración do Entroido, en Vilaxoán, o día 18 de febreiro de 2018, por un importe total de 391,00 €, con cargo á partida 334-22609.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/964

Vista a solicitude de D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación da **Asociación Comisión de Festas San Pedro de Cornazo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das Festas Parroquiais na honra de San Pedro:

- Actuación da Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira de Guillán, o día 30 de xuño de 2018, por un importe de 225,00 €.
- Actuación Asociación Cultural Lumarada (Grupo de Gaitas e Baile), os días 29 de xuño e 1 de xullo de 2018, por un importe total de 450,00 €

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/965

Vista a solicitude de D. Domingo Rodríguez Rodríguez, Presidente da **Asociación Cultural Orquestra de Pulso e Púa “AROUSA”**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García os días 13 e 20 de outubro de 2018, para a celebración dun ciclo de concertos, con motivo do 35 aniversario da Orquestra, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de



conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a aprobación do gasto das seguintes actuacións, con cargo á partida 334.22609:

- Asociación Cultural Orquestra de Laúdes Españoles Conde Ansúrez, o día 13 de outubro, por importe de 500,00 €

- Asociación Cultural Orquestra de Pulso e Púa "Arousa", o día 22 de outubro, por importe de 400,00 €

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

PRP2018/966

Vista a solicitude de D. Manuel A. Couceiro Cachaldora, **Cura Párroco de San Pedro de Fontecarmoa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro en Fontecarmoa os días 23 e 24 de xuño de 2018:

- Actuación do Grupo Folclórico Mocidade de A Torre, o día 23 de xuño, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/968

Vista a solicitude de D. José Fernández Calvo, en representación da **Xunta Directiva do Orfeón Terra a Nosa de Santiago de Compostela**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 22 de marzo de 2018, en horario de 15:00 a 22:00 horas, para a celebración dun Concerto Extraordinario de Semana Santa, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa impresión de Carteis e 50 programas de man.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/969

Vista a solicitude de Dona M^a de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 9 de marzo de 2018, en horario de 18:00 a 22:00 horas para a celebración dunha asemblea, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/970

Vista a solicitude de **Callejeritos Colonia Sin Hogar**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 7 de abril, en horario de 12:00 a 21:00 horas, para a proxección do documental "Febrero: el terror de los galgos", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 128 cadeiras).

PRP2018/971

Dáse conta do escrito presentado pola **Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira de Guillán**, comunicando a celebración dun Festival Folclórico a celebrar o día 28 de abril de 2018, no Centro Cultural de Guillán e solicitan a colaboración municipal coa cesión de cadeiras, mesas, megafonía, luces, cartelería e dispoñibilidade do Centro Cultural durante todo o día.

A Xunta de Goberno Local acorda a cesión do seguinte material, debendo poñerse en contacto coa Asociación de MM.RR. Xiabre, que asinou o Convenio Económico Cultural co Concello, co fin de xestionar a dispoñibilidade do mesmo:

- 50 carteis.
- Equipo de son.



- Material escenario (cortinas)
- 200 cadeiras.
- 8 mesas grandes.
- 6 valos de obra para estacionamento
- 1 proxector.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Encargado de mantemento do Auditorio Municipal e Área de Comunicación.

PRP2018/972

Vista a solicitude de Dona M^a Carmen Sánchez Martín, en representación da **Plataforma en Defensa da Ría de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 6 de abril, en horario de 17:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha mesa redonda sobre o tema da Mina de Touro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/973

Vista a solicitude de D. José Manuel Longa Sánchez, en representación da **Agrupación Cultural Santiago Apostol de Carril**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra do Santiago Apóstolo en Carril, os días 24 e 25 de xullo de 2018:

- Actuación da Asociación Cultural Airiños do Carril, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/974

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocío Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa – Zona Aberta** solicitando autorización para utilizar as instalacións do Auditorio Municipal (baños da segunda planta e baixos do Auditorio), así como ocupar a Praza da II República, con motivo da celebración da VII Media Maratón Solidaria, prevista para o día 25 de novembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada.

PRP2018/975

Vista a solicitude de **Dona M^a Jesús Zarate Velarde**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida



334-22609, con motivo da celebración da Festividade de San Agustín na Igrexa de Vista Alegre, o día 28 de agosto de 2018:

- Actuación da Asociación Coral Rosalía de Castro, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/976

Vista a solicitude de D. Antonio Martínez Lema, en representación da **Comisión de Festas San Antoniño de Pousadoiro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Antoniño en Cea (no recinto anexo ó entorno do Pazo do Pousadoiro), o día 12 de xuño de 2018:

- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/977

Vista a solicitude de Dona Rosa Villaronga, en representación da Asociación **O Soño de Lilith** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 24 de marzo de 2018, durante todo o día, con motivo da representación da obra teatral "PUEDES LLORAR LOS VIERNES", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunicaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

. O prezo das entradas será de 3 € e a recadación da súa venda para a entidade organizadora.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/978

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo:

Co obxectivo de introducir, e nalgúns caso aumentar, a utilización de fontes de enerxía renovables na piscina municipal, mediante a substitución de fontes de enerxía obsoletas ou con sistemas de funcionamento con baixa eficiencia, é preciso, en outros estudos, realizar un



estudio detallado da instalacións e equipos existentes, realizando medicións e rexistros dos parámetros principais de funcionamento.

Este estudo dará lugar a unha serie de obras e actuacións nas instalacións municipais que serán incluídas nas actuacións do programa Vilagarcía Avanza financiado con cargo a fondos FEDER da Unión Europea.

Ao carecer este concello de persoal especializado neste tipo de auditorías e preciso realizar a súa contratación con profesionais do sector, polo que foron solicitadas as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)
Jesús Chorén Santos	2.600€
Taller de Ingeniería	1.750,00€
Eurocontrol, S.A.	1.525,00€

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Que se adxudique o contrato de servizos denominado Auditoria enerxética da piscina municipal, a Eurocontrol, S.A. (A28318012), por un importe de 1.525,00€ ao que lle corresponde un IVE (21%) 320,25€, o que totaliza unha oferta de 1.845,25€ (IVE engadido)

PRP2018/980

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto de Renovación de Barandillas no entorno de Vista Alegre 2ª Fase, redactado polo Arquitecto D. Iago Puentes, cun importe de licitación de 93.500,00 €.

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación ó 100%, con cargo ás bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2018, dirixidos ós Concellos da Provincia, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 2, do mércores 03 de xaneiro de 2018

3.- Remitir o proxecto ao Servizo Provincial de Patrimonio da Consellería de Cultura, aos efectos da correspondente autorización.

PRP2018/981

Vista a solicitude de **Galivalia Consulstgo, S.L.** de prórroga na execución da fase 2 do contrato de servizos consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análises, descrición e catalogación dos postos de traballo para posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, ata a finalización do proceso de negociación colectiva do organigrama administrativo municipal, ampliación que en ningún caso afectaría ao prazo total de execución do contrato.

Vistos os informes favorables do Negociado de Recursos Humanos e Xefa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda ampliar o 2º prazo parcial de execución que estaba fixado en tres meses, tal e como se solicita e sen afectar ao prazo total final de execución dos traballos que é o 17 de xuño de 2018.

PRP2018/982

Dáse conta da convocatoria da Deputación de Pontevedra, de subvencións para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio Histórico-Cultural dirixidas aos Concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2018. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/983



No BOP nº 2 , de data 3 de xaneiro de 2018, publicáronse as Bases Regulatoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-19.

Na actualidade é preciso ampliar a Piscina Municipal, sendo o terreo máis apropiado para facelo a finca colindante polo vento Sur. A citada parcela está dentro dunha bolsa de terreo cualificada no PXOM como dotacional de uso deportivo, atopándose libre de edificacións, tendo practicamente a mesma rasante a actual piscina e goza de continuidade, xa que non media camiño entre elas.

Á presente proposta achégase informe proposta de adquisición da citada finca asinada polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, así como valoración do terreo asinada polo arquitecto técnico municipal, D. Emilio Pumar Durán, que ascende a 114.364,80 €.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/01/2018, acordouse solicitar subvención á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-19, por importe de 138.381,41 € (21% IVE incluído) para a adquisición de dita finca.

Detectado un erro ó determinar o imposto que grava a transmisión patrimonial (non procede aplicar o IVE, senon o imposto sobre transmisións patrimoniais), procede aprobar o novo prego de prescricións técnicas que rexerá a futura licitación, así como adoptar acordo modificativo do adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 29/01/2018.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29/01/2018, no seguinte teor: Solicitar unha subvención, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-19, por importe de 125.801,28 € (100% do investimento previsto, imposto sobre transmisións patrimoniais incluído), dos que 114.364,80 € corresponden ó prezo de adquisición, e 11.436,48 € ó imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas (10% do prezo de adquisición), para a adquisición da parcela de 3.762 m² con referencia catastral 8748995NH1184N0001EJ, situada na rúa Adolfo Pedrido Morla (lindeira cos terreos que compoñen o Complexo Deportivo de Fontecarmoa).

2.- Aprobar as prescricións técnicas que rexeran a futura licitación.

PRP2018/984

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de novembro de 2017, aprobouse a Memoria Valorada denominada “Ampliación da rede de saneamento na Rúa A Granxa-Guillán” redactado polo enxeñeiro técnico don Oscar Álvarez González, cun orzamento de 41.284,23 € (IVE engadido).

A través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), remitiuse invitación ás seguintes empresas: Construccións, Obras e Viais, SA; Espina & Delfín, SL e Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU.

Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES,SL	23.596,84€
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRÓ, SLU	28.489,53€
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, SL	32.719,89€
ACTIV.DE CONSTRUCCIÓN,EDIFIC. Y VIALES, SL	26.125,27€
VIAQUA,GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SAU	25.166,32€
CONSTRUCCIONES VALE, SL	25.012,79€



CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, SA	27.018,99€
SESTRAMA-09, SL	24.122,26€
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	20.853,65€
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL	31.270,25€
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, SL	26.237,66€
SERGONSA SERVICIOS, SL	25.107,00€
RASALEREZ, SL	26.763,10€
ESPINA & DELFÍN, SL	24.719,36€
OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA	28.250,00€
NEMESIO ORDÓÑEZ, SA	25.903,29€
ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL	28.585,07€

Realizados os cálculos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aos efectos de comprobar se algunha das ofertas presentadas se atopa incursa en valores anormais ou desproporcionados, obsérvase que a oferta presentada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU. presenta unha desproporción do 18,95% inferior á media das ofertas presentadas.

Unha vez presentada a xustificación por parte da citada mercantil, emítese informe polo enxeñeiro técnico industrial, con data 21 de febreiro de 2018, onde propón estimar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por Nexia Infraestructuras, SLU.

Visto o informe emitido, o órgano de contratación, con data 22 de febreiro de 2018 acorda, aceptar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por Nexia Infraestructuras, SLU e, en consecuencia incluír ao citado licitador da licitación que ten por obxecto adxudicar o contrato de obras denominado "Ampliación da rede de saneamento en A Granxa-Guillán".

Sendo o único criterio de adxudicación o prezo a clasificación das ofertas sería a seguinte:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE incluído)
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	20.853,65€	4.379,27€	25.232,92€
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES, SL	23.596,84€	4.955,34€	28.552,17€
SESTRAMA-09, SL	24.122,26€	5.065,68€	29.187,94€
ESPINA & DELFÍN, SL	24.719,36€	5.191,07€	29.910,43€
CONSTRUCCIONES VALE, SL	25.012,79€	5.252,68€	30.265,47€
SERGONSA SERVICIOS, SL	25.107,00€	5.272,47€	30.379,47€
VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU	25.166,32€	5.284,93€	30.451,25€
NEMESIO ORDÓÑEZ, SA	25.903,29€	5.439,69€	31.342,98€
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, SL	26.125,27€	5.486,31€	31.611,58€
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS	26.237,66€	5.509,91€	31.747,57€



ABILLEIRA, S.L

RASALEREZ, SL	26.763,10€	5.620,25€	32.383,35€
CONSTRUCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	27.018,99€	5.673,99€	32.692,98€
OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA	28.250,00€	5.932,50€	34.182,50€
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	28.489,53€	5.982,80€	34.472,33€
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL	28.585,07€	6.002,86€	34.587,93€
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL	31.270,25€	6.566,75€	37.837,00€
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, SL	32.719,89€	6.871,18€	39.591,07€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato de obras de "Ampliación da rede de saneamento en a Granxa-Guillán", á empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU (B27802503), por un importe de 20.853,65€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.379,27€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 25.232,92€. (*Proxecto (2) 06/19/2016 e Proxecto(2) 05/25/2016*).
- 2.- Nomear director de obra ao enxeñeiro técnico industrial don Oscar Álvarez González.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.